

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0843	Coloración capilar	2023/2024	12	210	252

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	NIEVES CABADA FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar será formado no campo do coidado e o embelecemento do cabelo, a estética de mans e pés e o estilismo masculino, así como na comercialización de servizos e venda de cosméticos.

Con respecto ó módulo de coloración capilar, os alumnos deberán acadar as seguintes competencias profesionais, ademáis das persoais e sociais:

- Executar traballos de coloración capilar: coloración temporal e semipermanente, coloración permanente total e parcial de cabelo.
- Exerceder a súa actividade por conta allea en pequenas e medianas empresas que teñan relación directa coa imaxe persoal, particularmente en establecementos do sector servizos de estética e perrucaría, relacionados coa venda de cosméticos de imaxe persoal e potenciarase así mesmo o autoempleo e a creación de empresas.

As ocupacións e postos de traballo mais relevantes son os seguintes:

- Técnico en en coloración capilar en salóns do peiteado, venta e comercialización de cosméticos colorantes, hospitais, centros xeriátricos, balnearios, hoteis, ximnasios.
- Recepcionista en empresas de perrucaría ou estética.
- Axente comercial en empresas do sector.
- Asesor/vendedor/demostrador en perfumerías e droguerías.
- Departamentos de perrucaría de empresas adicadas ó tratamento da imaxe persoal integral.
- Equipos técnicos dependentes de laboratorios e marcas comerciais que desenvolven a súa actividade no ámbito da perrucaría e estética, como técnicos, probadores, demostradores e vendedores.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Teoría da cor. A cor do pelo	Tipos e natureza da cor. Escalas de cor en perrucaría	15	5
2	Útiles e materiais nos procesos de cor.	Útiles e materiais usados en procesos de cor. Preparación e hixiene.	15	8
3	Preparación para o servizo de coloración capilar.	Preparación do profesional e do cliente, ergonomía. Análise e diagnóstico capilar para procesos de cor.	30	23
4	Cosméticos e procesos de cambios de cor capilar.	Clasificación dos cosméticos e procesos de cambios de cor capilar. Características e clasificación. Preparación das misturas. Procedementos de aplicación.	75	22
5	Técnicas previas e/ou complementarias á coloración capilar.	Clasificación, mecanismo de acción e pautas de aplicación das técnicas complementarias á coloración capilar.	15	5
6	Decoloración e coloracións parciais do pelo.	Fundamentos da decoloración capilar. Cosméticos decolorantes e características. Procesos de coloración parcial.	81	27
7	Estilos de coloración e tendencias.	Tendencias de moda en coloración capilar.	6	2
8	Asesoramento en cambios de cor.	Pautas e cosmética reparadora e de mantemento da cor. Calidade nos procesos de cambios de cor.	15	8

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Teoría da cor. A cor do pelo	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Propón cambios de cor do cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o seu estado e as demandas e os estilos presentados.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse a escala de tons da cor natural do cabelo.
CA1.2 Distinguíronse os tons e os reflexos da cor do cabelo nas cartas de cores.

4.1.e) Contidos

Contidos
Cor natural do cabelo: características e escala de tons e reflexos.
Teoría da cor e a súa influencia nos procesos de cambios de cor. Propiedades da cor: ton, intensidade e reflexo. Escalas de tons, reflexos e matices. Cartas de cores.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Útiles e materiais nos procesos de cor.	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara a área de traballo e realiza as operacións previas aos cambios de cor, e xustifica a elección de medios e a preparación do produto.	NO
RA4 - Aplica técnicas de coloración no cabelo e noutras zonas pilosas, seleccionando e xustificando o procedemento de traballo.	NO
RA5 - Aplica técnicas de descoloración no cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o procedemento de traballo e o resultado final.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.8 Identifícaronse as normas de hixiene e desinfección imprescindibles na área de cambios de cor.
CA2.9 Aplicáronse os métodos de hixiene, desinfección e esterilización máis adecuados á área de cambios de cor.
CA2.11 Recoñecéronse os utensilios, os materiais e os equipamentos necesarios para os cambios de cor.
CA2.17 Determináronse os criterios de selección de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.
CA4.11 Aplicáronse normas para a xestión dos residuos xerados.
CA5.10 Aplicáronse normas para a xestión dos residuos xerados.

4.2.e) Contidos

Contidos
Criterios de selección de métodos de hixiene, desinfección e esterilización: pautas de aplicación.
Seguridade e hixiene nos procesos de cambios de cor. Aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.
Utensilios e materiais: descrición, características e pautas de utilización.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Preparación para o servizo de coloración capilar.	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Propón cambios de cor do cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o seu estado e as demandas e os estilos presentados.	NO
RA2 - Prepara a área de traballo e realiza as operacións previas aos cambios de cor, e xustifica a elección de medios e a preparación do produto.	NO
RA3 - Aplica medidas e técnicas previas á coloración e á descoloración, e analiza o protocolo de aplicación.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícaronse os aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor.
CA1.4 Examinouse o estado do coiro cabeludo e do cabelo.
CA1.5 Recoñeceuse a influencia das alteracións e a cor do cabelo no proceso.
CA1.6 Recoñecéronse as características especiais doutras zonas pilosas.
CA1.9 Deseñouse a ficha da clientela.
CA1.10 Identifícaronse as necesidades e as demandas da clientela para a proposta de cambio.
CA1.11 Rexistráronse na ficha técnica os datos obtidos.
CA2.1 Identifícaronse as instalacións onde se realizan os cambios de cor capilar.
CA2.2 Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
CA2.3 Identifícaronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA2.4 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA2.5 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e atención á clientela.
CA2.6 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.
CA2.7 Caracterizáronse as posicións anatómicas adecuadas e as medidas de protección persoal e da clientela nos procesos de cambios de cor.
CA2.10 Preparouse a área de traballo para os cambios de cor.
CA3.1 Especificáronse as medidas de acomodación e protección da persoa usuaria e da profesional.
CA3.2 Xustificouse a aplicación da proba de tolerancia á tintura.
CA3.3 Identifícaronse as pautas de aplicación da proba de tolerancia.

4.3.e) Contidos

Contidos
Identificación dos aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor. Estudo estético. Estudo das características do coiro cabeludo e do estado do cabelo. Características especiais doutras zonas pilosas: barba, bigote e cellas. Influencia das alteracións cromáticas do cabelo nos procesos de cambios de cor. Ficha técnica da clientela.
Proposta de cambios de cor: Análise das necesidades e das demandas da clientela. Adaptación ás necesidades e demandas, e ás características persoais.
Área de cambios de cor capilar: espazos, equipamento e ambiente.
Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (hixiene, maquillaxe, peiteado, indumentaria e complementos).
Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersonal.
Importancia do traballo en equipo.
Recepción e atención á clientela para o proceso de cambios de cor. Normas para a primeira cita.
Instrumentos de identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.
Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante os procesos de cambios de cor. Hixiene postural e ergonomía.
Medidas de seguridade nos procesos de cambio de cor capilar: criterios de preparación e acomodación da clientela e medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria.
Proba de tolerancia: pautas e criterios de realización.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Cosméticos e procesos de cambios de cor capilar.	75

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Propón cambios de cor do cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o seu estado e as demandas e os estilos presentados.	NO
RA2 - Prepara a área de traballo e realiza as operacións previas aos cambios de cor, e xustifica a elección de medios e a preparación do produto.	NO
RA4 - Aplica técnicas de coloración no cabelo e noutras zonas pilosas, seleccionando e xustificando o procedemento de traballo.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Diferenciáronse os tipos de cambios de cor.
CA2.12 Xustificouse a selección de cosméticos para o cambio de cor.
CA2.13 Xustificouse a selección produto oxidante segundo as características do pelo.
CA2.14 Realizáronse os cálculos volumétricos para a dilución do oxidante en función das necesidades.
CA2.15 Realizouse a mestura dos cosméticos para o cambio de cor.
CA2.16 Establecéronse as condicións de seguridade e hixiene na preparación e na manipulación de cosméticos.
CA4.1 Analizáronse as bases científicas e os fundamentos da coloración temporal, semipermanente e permanente do cabelo e doutras zonas pilosas.
CA4.2 Identificáronse as fases do proceso da coloración temporal, semipermanente e permanente.
CA4.3 Diferenciáronse as pautas de aplicación dos colorantes temporais, semipermanentes e permanentes.
CA4.4 Relacionáronse os tipos de coloración temporal, semipermanente e permanente coas técnicas de aplicación.
CA4.5 Identificáronse as características dos cosméticos usados nos cambios de cor doutras zonas pilosas, como barba, bigote e cellas.
CA4.6 Estableceuse a secuencia dos pasos que cumpra seguir nas técnicas de coloración temporal, semipermanente e permanente do cabelo.
CA4.9 Identificáronse as variables que determinan o proceso de coloración.

4.4.e) Contidos

Contidos
Clasificación dos procesos de cambios de cor capilar: segundo a duración dos efectos, a composición dos cosméticos e a acción sobre o talo capilar.
0Criterios de selección do produto colorante, do produto oxidante e do cosmético descolorante: pautas de preparación e manipulación.
Cosméticos específicos para os cambios de cor en cellas.
Proceso de coloración temporal e semipermanente. Técnicas de aplicación de colorantes vexetais, metálicos sintéticos e mesturas: formas cosméticas, procedemento, fases e pautas de aplicación.

Contidos

Procesos de coloración permanente total: procedemento, fases e pautas de aplicación. Factores que interveñen na aplicación. Técnicas complementarias.

Variables que determinan o proceso de coloración.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Técnicas previas e/ou complementarias á coloración capilar.	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica medidas e técnicas previas á coloración e á descoloración, e analiza o protocolo de aplicación.	NO
RA4 - Aplica técnicas de coloración no cabelo e noutras zonas pilosas, seleccionando e xustificando o procedemento de traballo.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.4 Determináronse os casos en que estea indicado aplicar técnicas previas.
CA3.5 Diferenciáronse e establecéronse as pautas de aplicación das técnicas previas.
CA3.6 Xustificouse a elección das técnicas previas.
CA3.7 Aplicáronse as técnicas previas de mordente, prepigmentación ou decapaxe.
CA4.8 Distinguíronse as técnicas complementarias nos procesos de coloración.

4.5.e) Contidos

Contidos
Técnicas previas á coloración permanente: procedementos de traballo.
Precaucións: técnicas de mordente, prepigmentación e decapaxe.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Decoloración e coloracións parciais do pelo.	81

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas de coloración no cabelo e noutras zonas pilosas, seleccionando e xustificando o procedemento de traballo.	NO
RA5 - Aplica técnicas de descoloración no cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o procedemento de traballo e o resultado final.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.7 Aplicáronse diversos tipos de técnicas de coloración parcial.
CA5.1 Analizáronse os fundamentos da descoloración.
CA5.2 Determináronse as fases do proceso de descoloración.
CA5.3 Establecéronse as variables que afectan o proceso de descoloración.
CA5.5 Aplicáronse cosméticos descolorantes sobre cabelo con cor natural e sobre cabelo tinguido.
CA5.6 Relacionouse o grao de descoloración co tempo de exposición, como factor determinante do proceso.
CA5.7 Utilizáronse diversas técnicas de descoloración para a realización de mechas.
CA5.8 Realizáronse técnicas de retoques.
CA5.9 Especificáronse as medidas de precaución e normas de seguridade.

4.6.e) Contidos

Contidos
Fundamentos da descoloración.
Variables ou factores que determinan o proceso de descoloración. Métodos e técnicas para acelerar o proceso: calor húmida, vapor, calor seca, infravermellos, etc.
Técnicas da descoloración total do cabelo e outras zonas pilosas: fases e tempos do proceso. Pautas de aplicación do descolorante en cabelos naturais e tinguidos.
Técnicas da descoloración parcial do cabelo e outras zonas pilosas: fases e tempos do proceso. Pautas de aplicación con gorro, con papel, con peite, etc.
Descoloración como técnica previa á coloración.
Procedemento de aplicación de retoques.
Precaucións e normas de seguridade para a descoloración.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Estilos de coloración e tendencias.	6

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Propón cambios de cor do cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o seu estado e as demandas e os estilos presentados.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Identifícaronse as tendencias de moda na coloración do cabelo.

4.7.e) Contidos

Contidos
Estilos nos cambios de cor: tendencias.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Asesoramento en cambios de cor.	15

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas de coloración no cabelo e noutras zonas pilosas, seleccionando e xustificando o procedemento de traballo.	NO
RA5 - Aplica técnicas de descoloración no cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o procedemento de traballo e o resultado final.	NO
RA6 - Establece pautas de asesoramento, determinando os coidados e o mantemento da cor.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.10 Avaliouse o resultado obtido.
CA5.4 Identificáronse as técnicas de hidratación do cabelo postratamento.
CA6.1 Relacionáronse as características do cabelo cos cosméticos de mantemento.
CA6.2 Vinculáronse as pautas de mantemento coa permanencia da cor.
CA6.3 Identificáronse as precaucións que cumpra tomar para o coidado dos cabelos descolorados.
CA6.4 Propuxéronse medidas para mellorar o resultado do servizo.
CA6.5 Determináronse os criterios que permiten avaliar os resultados finais obtidos.
CA6.6 Obtívose información sobre o grao de satisfacción da clientela.

4.8.e) Contidos

Contidos
Control do proceso.
Control do proceso de descoloración.
Cosmética reparadora de mantemento do cor. Criterios de selección e manipulación.
Asesoramento na venda de cosméticos de mantemento e coidados do pelo descolorado e coloreado.
Pautas para o mantemento da cor e coidado do pelo descolorado.
Parámetros que definen a calidade nos procesos de cambios de cor capilar.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles son os enumerados no apartado "d" de cada unha das unidades didácticas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- A cualificación de cada avaliación será un número enteiro do 1 o 10 e para o seu cálculo terase en conta a suma das puntuacións ponderadas dos

CA da avaliación.

- A avaliación será contínua.

- A nota da avaliación final (N) será un número enteiro do 1 ó 10, e para o seu cálculo terase en conta a suma das puntuacións ponderadas dos CA e das UD de todo o curso. Aplicarase a seguinte fórmula:

$$N = 5 \text{ UD}1 + 8 \text{ UD}2 + 23 \text{ UD}3 + 22 \text{ UD}4 + 5 \text{ UD}5 + 27 \text{ UD}6 + 2 \text{ UD}7 + 8 \text{ UD}8$$

- Considéranse aprobados aqueles alumnos que obteñan unha cualificación igual ou superior a 5 e para facer a nota media será indispensable que teñan superada cada unidade.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Exercicios e probas escritas:

- Respostas a preguntas e cuestións das unidades de traballo.
- Representacións gráficas.
- Elaboración de resúmenes e exercicios.
- Traballos escritos ou de investigación.
- Exercicios e probas orais: respostas a preguntas sobre as prácticas diarias e sobre contidos tratados.

Exercicios e probas prácticas

Establecerase un número de traballos mínimo, e poderán ser individuais ou en grupo. Indicarase en cada caso.

Aclaracións dos instrumentos de avaliación:

- Probas escritas e/ou prácticas:

Valoración negativa dos alumnos/as sorprendidos con algún medio para copiar nun exame. Terá que entregar o exame e a avaliación estará suspensa.

Nos traballos e probas a realizar na aula valórase:

- Imaxe e hixiene persoal
- O interese polo traballo que se realiza, atitude hacia persoas do entorno, vocabulario adecuado, discreción, fomento da convivencia, ser colaborativo, amosar empatía...
- O número de traballos engadidos. Tras cumprir o mínimo establecido valórase a calidade, destreza, dificultade e variedade dos traballos...
- Hixiene e orde das instalacións en xeral e do propio posto e material de traballo en particular.
- Orde na execución
- As habilidades, destrezas desenvoltoas durante a execución dos traballos.

- A iniciativa, creatividade, dinamismo, curiosidade en temas profesionais.
- Recepción e atención da clientela e modelos.
- O tempo de execución.
- Participación activa do alumno nas clases e en actividades extraescolares.
- Valoración negativa dos alumnos/as que se neguen a facer os traballos que se lle indiquen e a atender os modelos ou compañeiros que se lle adxudiquen.

Aclaracións no sistemas de cualificacións:

- Valorarase (no apartado de traballos) a participación en actividades complementarias á formación do alumnado, realizándose seguidamente traballos, exercicios ou respostándose preguntas sobre as mesmas.
- As actividades relacionadas co módulo que se organicen (centros alleos ó IES, xornadas de formación, conferencias, desfile), serán puntuables sempre e obrigatorias as realizadas en horario escolar. As que se realicen fora do horario escolar puntuarán para subir nota.
- Para aprobar a avaliación, o alumno deberá obter como mínimo o 50% da nota en cada un dos apartados, e cando non sexa así, a avaliación quedará suspensa ata que recupere o apartado correspondente.
- A avaliación é contínua, polo que non se poderá superar unha avaliación sen ter superado previamente as anteriores. A nota final coincidirá coa da terceira avaliación. Para obter a nota da terceira avaliación terase en conta o traballo, a constancia, participación, comportamento, esforzo e evolución do alumno/a durante o curso, podendo o profesor aumentar a nota da 3ª avaliación e final ata 1 punto como recompensa ó esforzo e traballo realizado.
- Deberanse acadar os contidos mínimos establecidos para superar o módulo.
- Está prohibido o uso do teléfono móbil en clase salvo autorización expresa do profesor por motivos didácticos (fotos a traballos feitos, busca de información relacionada co módulo...). A reincidencia nesta infracción será causa dun apercibemento que suporá a non superación da avaliación. Para recuperar a avaliación, será necesario demostrar o cambio de actitude cumprindo a normativa.

As probas e traballos prácticos realizaranse en modelo humano. Se non houbera suficientes modelos no centro, os alumnos deberán traer os seus propios modelos.

Os alumnos teñen que posuir o seu propio material, limpo e desinfectado, en orden e en perfecto estado, aspecto que repercutirá na nota final.

- Caso de non se presentar a un exame ou proba:

Se un alumno/a non se presenta a unha proba (con causa xustificada) repetiráselle a proba e terá dereito á recuperación correspondente, en caso necesario. Se a ausencia non está debidamente xustificada, a proba non se repetirá e ó alumn@ deberáse presentar directamente á proba de recuperación na data que se indique, perdendo polo tanto unha oportunidade.

- Caso de non presentar en prazo un traballo:

Se un alumno/a non presenta un traballo no prazo establecido, a cualificación será un cero. En todo caso, e aínda que a cualificación do traballo non é recuperable, a súa entrega será condición imprescindible, antes da avaliación, para poder aprobar. De non entregalo, suspenderá a avaliación e a entrega do traballo será requisito indispensable para recuperala.

- Caso de non presentar todos os traballos e exercicios mínimos

O alumno/a que non presente todos os traballos mínimos esixidos antes do final da 2ª avaliación ou que non a supere, poderá optar a realizar un exame final teórico-práctico no que se inclúen os contidos de todo o curso e deberá superar ambas partes, acadando o 50% da nota que corresponde. A proba comezará coa realización da parte teórica, e so en caso de superala, se realizará a parte práctica.

Tratamento dos decimais

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán á alza ou á baixa ó enteiro mais próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

DAS PARTES NON SUPERADAS:

O alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os criterios de avaliación asociados.

As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de recuperación:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Comentario e análise do traballo entregado e resolución de dúbidas nas horas de clase, practicando os traballos de maior dificultade para o alumno/a.
- As probas de recuperación serán similares ás de avaliación.
- De tódalas probas que se suspendan, farase unha recuperación ó longo da avaliación seguinte.

Caso de ter suspendido na avaliación previa a FCT, elabóraselle un informe de avaliación individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non acadados. Programaranse actividades e proba a realizar para a súa recuperación durante a terceira avaliación, e proporcionarase información sobre o período de realización, temporalización e data na que será avaliado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas alcance o 10% da carga horaria total do módulo. O profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación das faltas.

Este alumnado ten dereito a realizar unha proba final de avaliación de módulo no momento que estableza a normativa. En todo caso, a cualificación obtida na devandita proba

consignarase na avaliación final do mesmo. Esta proba abarcará a totalidade da materia vista durante o curso tanto teórica como práctica.

A data de celebración da proba será a acordada polo equipo educativo e o equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do centro, e darase a coñecer ó alumnado no taboleiro informativo con antelación suficiente.

Será una proba teórico-práctica.

Duración: 4 horas

Será requisito indispensable superar a proba escrita, alcanzando o 50% do valor da mesma, para realizar a continuación a proba práctica.

O/a alumno/a deberá traer un/unha modelo para poder realizar a proba e o material necesario.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizarase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que entre outros temas, se tratará a porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.

- Ademais, en reunión de departamento ó longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

A actividade docente:

- Será avaliada polo propio docente mediante unha análise dos obxectivos acadados e das dificultades atopadas.
- Proporcionarase ó alumnado unha enquisa a final de curso para que realice a valoración dende o seu punto de vista

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto:

- Analizar a avaliación inicial feita ó alumnado
- Coñecer as características, limitacións, formación académica e profesional previa de cada un, así como as súas capacidades e obxectivos.
- Serve de punto de partida ó equipo docente, permitíndolle adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular, aínda que en ningún caso se permitirán adaptacións curriculares significativas. Así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

A avaliación inicial realizarase conforme o procedemento establecido polo control do sistema de calidade do centro. Dito control realízase principalmente por medio do cumprimento do documento de avaliación inicial e mediante entrevista persoal cando se considere necesario.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballaremos os contidos segundo as necesidades do momento, do grupo e do alumno/a en particular.

Ó longo do curso presentaranse exercicios e actividades con diferentes grados de dificultade, o que permite ó profesorado seleccionar os máis adecuados ó nivel do alumnado e ás súas capacidades. Para seleccionar os máis axeitados, terase en conta a avaliación inicial, o progreso e o grado de consecución dos obxectivos.

Ó alumnado que non acade ós obxectivos programados, daránselle as orientacións e apoios necesarios, tendo en conta os contidos mínimos esixibles e os criterios de avaliación asociados.

Ó alumnado con capacidades superiores á media, proporcionaráselle exercicios e orientacións para maximizar os resultados e estimular o seu interese.

As actividades de reforzo e afondamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Análise do traballo e resolución de dúbidas que lles xurdan ós alumnos/as para poder traballar a fondo as actividades propostas durante as horas de clase.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

As nosas condutas son a manifestación dos nosos valores, de aí a importancia de comezar dende idade moi temperá a educar en valores. Pero para formar bos profesionais, que saiban convivir, compartir, colaborar con compañeiros, clientes..., é indispensable formar ó mesmo tempo adultos responsables, respectuosos, honestos, humildes, tolerantes, felices..., polo que se incidirá neste tema ó longo do curso.

Educación para a saúde. É a transversal por excelencia desta materia xa que se traballa en tódalas unidades e ó longo de todo o curso. O

coñecemento do corpo dos seus órganos e sistemas, é o primeiro paso para valorar a saúde, desenvolver hábitos saudables de hixiene e desinfección e para rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcol e outras drogas.

Tamén se analizará nas clases a relación entre a saúde persoal, os hábitos posturais na vida laboral e o exercicio físico.

Instrumentos empregados:

- Presentación en power point do tema de hixiene e desinfección nas actividades do módulo.
- Prácticas de hixiene en cada clase e no futuro laboral.
- Nas clases de análise e diagnóstico de pelo para a realización de procesos de cambio de cor, afondarase na relación entre a saúde e beleza do pelo, a saúde xeral e os hábitos nocivos (tabaco, drogas...).
- Presentación en power point do tema de ergonómia aplicada ó módulo.
- Indicación dalgúns exercicios básicos para previr as principais alteracións consecuencia da actividade laboral.

Temporalización:

Ó longo de todo o curso.

Educación do consumidor. Importancia ten tamén unha boa alimentación para o noso pelo, pel e unllas. Pretendemos a responsabilidade tanto dos alumnos como dos consumidores. Unha parte da dieta dos adolescentes é por conta deles mesmos (bolos, chucharías, aperitivos, bebidas).

Debemos incitalos cara a adquisición de hábitos de consumo responsables.

Instrumentos utilizados:

- Análise e diagnóstico de cabelo, pel e uñas. Afondarase na relación entre a saúde e beleza do cabelo, pel e uñas, a saúde xeral e os hábitos alimenticios.
- Realización de comparativas fotográficas de cabelos, pel e uñas saudables e non saudables.

Temporalización:

1ª avaliación, na unidade 3.

Educación para a paz. Incentivar a solidariedade entre os humanos fomentando o altruísmo (doazón de sangue, órganos...)

Instrumentos utilizados:

- Unha charla impartida por persoal e voluntarios da AECC
- Unha charla con voluntarios colaboradores con afectados por cancro no hospital de Monforte (Carriño solidario)

Temporalización:

1ª avaliación. Pode variar en función da dispoñibilidade dos relatores.

Educación para a igualdade entre os sexos: Dende calquera tema se pode traballar esta transversal, procurando usar sempre unha linguaxe, oral e escrita, non discriminatoria e tomando medidas de acción positiva necesarias para introducir a dimensión de igualdade.

O tema tratarase en especial no momento que se afonde nas actitudes e aptitudes do profesional, a inicio de curso.

Instrumentos utilizados:

- Visualizarase un vídeo que amose actitudes discriminatorias para fomentar o debate entre o alumnado.
- Visualizarase un vídeo relacionado coa discriminación no noso sector profesional, para fixar as pautas de comportamento correctas.

Temporalización:

1ª avaliación. Cando se trate o tema "O profesional. Actitudes e aptitudes". Aínda que se practicará ó longo de todo o curso

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Son aquelas actividades que complementan de maneira significativa as áreas curriculares establecidas no Proxecto Curricular de Centro.

Os obxectivos para conseguir deben coincidir cos obxectivos propostos a nivel de aula.

Os contidos deberán estar en consonancia cos propios de cada área.

O desenvolvemento destas actividades supón a presenza e coordinación do profesor / titor do grupo / aula, xa que o desenvolvemento do taller debe complementar a actividade curricular que se está realizando.

As actividades complementarias que se desenvolven no centro, entre elas:

Actividades de caracterización de personaxes para samaín, entroido, etc.

Participación na caracterización, peiteado e maquillaxe de actuacións do grupo de teatro do IES A Pinguela.

Mostras de FP, en colaboración con outros institutos do val de Lemos.

Formación externa de casas comerciais sobre as últimas técnicas en coloración, cambios de forma permanente, corte, unllas, extensións, etc.

Xornadas de peiteado en residencias da 3º idade e AFAMON (asociación de familiares de enfermos de alzhéimer e outras demencias)

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Son aquelas que se desenvolven fóra do horario lectivo, e poderanse situar nos períodos de comedor ou ao termo das clases.

Son actividades que polo seu desenvolvemento non se consideran imprescindibles para a formación mínima que han de recibir os/as alumnos/as.

Caracterízanse polo seu carácter voluntario, polo que ningún alumno/a pode ser obrigado a asistir ao desenvolvemento das mesmas.

Non forman parte do proceso de avaliación polo que pasan os/as alumnos/as para a superación dos distintos ensinos que integran os plans de estudo.

Ó longo do curso o departamento programará actividades extraescolares:

Visitas a exposicións, feiras, congresos etc. de tipo profesional e cultural.

Participación no Galiciaskills, campionato galego da formación profesional.

10.Outros apartados

10.1) Ensino online ou semipresencial

Nos ciclos do réxime ordinario o ensino é presencial. Con todo, adóptanse medidas para asegurar a continuidade da formación do presente módulo no caso de se producir estados excepcionais ó longo do curso, como ausencias temporais xustificadas do alumnado.

As medidas a tomar neses casos serán :

- Comprobar a principios de curso e durante a avaliación inicial do módulo, a dispoñibilidade de medios TIC, conexión a internet e de teléfono móbil (con cámara e grabadora/reproductora de vídeo) por parte de todo o alumnado.

- Habilitar o curso "Cambios de cor" na aula virtual do IES A Pinguela, onde estarán a disposición de todo o grupo os apuntes, material audiovisual, exercicios e orientacións necesarias para completar o curso con éxito. Este curso será utilizado habitualmente con independencia da presencialidade/non presencialidade do ensino, motivo polo que se dará de alta a todo o alumnado durante os primeiros días do curso.

- A comunicación profesor/alumn@, entrega de traballos e tarefas, correccións..., realizarase preferentemente a través da aula virtual cando así se propoña, ou en clase. En casos excepcionais xustificados, poderase utilizar a tal fin o email ou whatsapp...

- En caso de que o alumnado que teña que seguir o curso a distancia por causa xustificada non poida dispoñer das ferramentas necesarias para realizar o seguimento a través da aula virtual, proporcionaráselle a través do canal que se habilite dependendo da situación (correo postal, recollida/entrega por parte dunha persoa de confianza do alumn@).